

TRANSPORTES KATELO, S.L.



"É necesaria unha visión estratéxica do sector do transporte e a loxística e unha grande sensibilidade por temas medioambientais"

Francisco Pérez García

Datos básicos

Actividade:	Recuperación, transporte e almacenamento do vidro oco doméstico	
Sector de actividade	Actividades de reciclaxe e ambientais	
Nº empregados	3	
Inversión inicial	36.060 €	
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.	
Web:	www.katelo.jasstel.es	
Municipio:	Pontevedra, Pontevedra	Ano creación: 1988

Descrición do proxecto

Dedicámonos á recuperación, transporte e almacenamento do vidro oco doméstico procedente da recollida selectiva que se realiza a través dos contedores tipo "IGLÚ".



Datos empresa

Claves do éxito

- Sobre todo, a inmediatez do servizo. Unha resposta rápida é clave.
- Tamén resulta fundamental coñecer ben a lexislación en materia de residuos.
- Encanto ao nivel de prezos, é un tema secundario, aínda que se está a ofrecer un prezo razoábel.
- A calidade no servizo. Estar moi pendente que non se desborden os contedores, que chegue sempre o camiión antes de que se encha, e ofrecer información moi precisa aos concellos sobre cando se recolle, cantos iglús se baleiran, etc.
- Subcontratar todo o que sexa posíbel para evitar custos fixos.

Situación actual

Na actualidade prestamos servizo a 58 concellos. No ano 2001 recolleamos 3,300,000 Kg.de vidro, e no 2002, alcanzamos a cifra de 4,246,970 Kg., o que supón un importante incremento en relación ao ano anterior.

Perfil cliente

Concellos.



Idea inicial

Basicamente localicei un nicho de mercado importante. Existían contedores pero os concellos non sabían o que facer con eles, como transportalos e depositar o material. Contactei cos concellos e ofrecínlles a solución aos seus problemas.

Principales dificultades y amenazas futuras

A parte dos problemas burocráticos iniciais, non tiven maiores problemas ao principio.
Encanto ao futuro, trátase dun sector emerxente, polo cal, en principio non debería haber problemas. Se cadra existiría un risco polo lado dos concellos. Na actualidade asinan convenios de recollida coa empresa, pero pode que no futuro xurdan novas normativas que impidan facelo .

Perfil promotores

O promotor é empresario con distintas titulacións.
Con vintetrés anos crea a súa empresa de transportes para reciclaxe de vidro.

Aptitudes necesarias

A capacidade de asumir riscos é fundamental para superar as primeiras dificultades. E no meu caso particular, ter unha visión estratéxica do sector do transporte e a loxística e unha grande sensibilidade por temas medioambientais.



Guía de Actividad

O tratamento de residuos (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón
Gañar cartos

A independencia que proporciona
Dirixir persoas e organizacións
Ser o meu propio xefe

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si. O programa Lanza.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sen dúbida algunha. Crer no proxecto e adquirir continuamente coñecementos resulta fundamental para o desenvolvemento con éxito.

Anecdotalio

Xurdíronme diversas anécdotas na obtención do título de xestor de residuos, que é moi fastidioso. O proceso de concesión do título é tan lento que estiven 6 meses coa flota parada e tiveron que despedir a un empregado, un condutor de camionetas, porque non podía traballar mentres non estaban en regra os papeis.

